



INFORME

Asunto: Nova avaliación do cumprimento da estabilidade e da regra do gasto na liquidación dos orzamentos provinciais correspondentes ao exercicio 2017

Legislación aplicable:

- Artigo 135 da Constitución española
- Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión económica e Monetaria de 2 de marzo de 2012 e demais normativa europea sobre estabilidade orzamentaria
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira (LOEP)
- Texto refundido da Lei de Facendas Locais (Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo) (TRLHL)
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, Regulamento de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (REPEL)
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (BOE nº 240, de 5 de outubro), modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro

Igualmente, tivéronse en conta o seguintes documentos:

- Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, 1ª edición, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado
- Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira para Corporacións Locais, 3ª edición, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado en novembro de 2014
- Nota para a remisión de información sobre as liquidacións do exercicio 2017 das entidades locais da Secretaría de Estado de Facenda do Ministerio de Facenda e función pública

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E METODOLÓGICAS

As Corporacións Locais están suxeitas ao establecido na LOEP segundo indica o seu artigo 2.1. Engadindo no seu artigo 4.2 que entenderá por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, consonte ao establecido nesta Lei e na normativa europea.

Pola súa banda, os artigos 15 e 16 da Orde HAP/2105/2012 establecen as obrigas anuais e trimestrais de suministro de información polas Corporacións locais e da que forma parte o informe da intervención da avaliación do cumprimento do obxectivo da estabilidade, da regra do gasto e do límite da débeda. Nos prazos fixados legalmente, a Intervención provincial presentou eses informes na oficina virtual do Ministerio de facenda e función pública tanto para o referido ao cuarto trimestre do 2017 como da liquidación do exercicio 2017. O relativo ao cuarto trimestre tiña o carácter dun avance onde se facía unha estimación dos posibles valores que poderían resultar a fins dese exercicio orzamentario.

Nas páxinas 45 e 50 do informe desta Intervención á liquidación do exercicio 2017, do 25 de xaneiro pasado, recóllense os datos do ente Deputación referidos ao 31 de decembro do 2017 que presentan unhas diferenzas sobre as correspondentes a liquidación por mor dos axustes diferentes empregados no cálculo das magnitudes da estabilidade e regra de gasto. No anexo aparecen recollidas as magnitudes presentadas na oficina virtual do Ministerio de facenda e función pública correspondentes a súa estimación a fins do cuarto trimestre e a liquidación do exercicio e os que aparecen no informe desta Intervención. Como se pode comprobar, a capacidade de financiamento (a nivel consolidado co Consorcio provincial contra incendios) pasa dunha previsión de 23.665.671,48 euros ao final do cuarto trimestre a 23.968.289,18 euros na liquidación, é dicir, aumenta esa magnitude en 302.617,70 euros no seu cálculo definitivo. A nivel do ente Deputación pásase no informe da Intervención de 22.103.012,64 a 22.406.050,42 euros na liquidación presentada na oficina virtual do Ministerio, cun incremento de 303.037,78 euros. Esta diferenza explícase principalmente porque o axuste polos gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento determinouse na información do derradeiro trimestre e no informe da Intervención polo saldo contable a 31 de decembro de 2017 da conta 413 do plan xeral contable que era de 50.287,69 euros para a Deputación e de 16.376,65 euros para o Consorcio, o que fixo un axuste total de 66.664,34 euros. Namentres que nos datos presentados da liquidación tívose en conta o criterio expresado nun correo electrónico da oficina virtual no que se entende que ese axuste é o resultado da diferenza entre o total acumulado dos abonos da conta contable citada e o total acumulado dos cargos, e sen computar o saldo contable inicial, o que deu como resultado uns axustes de 252.750,09 euros para a Deputación e (-) 16.376,65 euros para o Consorcio, o que fixo un axuste total de 236.373,44 euros. Ese criterio do Ministerio é coherente co exposto na páxina 90, apartado 4, do Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais: "Porén, se o saldo final da conta é maior (menor) que o inicial, a diferenza dará lugar a un axuste como maior

(menor) gasto non financeiro na contabilidade nacional, aumentando (diminuindo) o déficit da Corporación local". No resultado da avaliación da regra de gasto tamén hai unhas diferenzas entre os importes previstos do cuarto trimestre que foron dun incumprimento a nivel consolidado de 18.482.336,47 euros fronte a da liquidación que foi dun incumprimento de 35.266.759,73 euros, medrando ese incumprimento en 16.784.423,26 euros. A nivel do ente Deputación, a que se refire o informe da Intervención, o incumprimento calculase que foi de 35.687.452,58 euros e o presentado no Ministerio foi de 35.384.414,80 euros, o que representa unha diferenza de 302.812,03 euros entre as dúas avaliacións. Estas diferenzas son causadas polos axustes: a) no novo importe dos gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento xa comentado, e b) na nova cuantía polos investimentos financeiramente sustentables que pasan a ser de 386.581,08 ao perder esa condición, por superar os prazos legais previstos, as obrigas recoñecidas procedentes dos exercicios 2013 e 2014 que sumaban un total de 18.395.186,50 euros (véxase para máis detalle o noso informe sobre a liquidación do 2017). O novo importe do axuste polos gastos pendentes de aplicar ao orzamento resulta consecuente co expresado nas páxinas 5 e 6, apartado 1.7 da Guía para a determinación da regra de gasto: "A aplicación do principio do devengo do sistema europeo de contas implica a imputación de calquera gasto efectivamente realizado independentemente do intre no que se decida a súa imputación orzamentaria. Porén, as cantidades abonadas no exercicio na conta 413 "acretores polas operacións pendentes de aplicar ao orzamento" darán lugar a axustes de maiores empregos non financeiros namentres que as cantidades abonadas co signo negativo (nos entendemos que se quere dicir cargadas), é dicir aplicadas ao presuposto, implicarán axuste de menores empregos non financeiros".

CONCLUSIÓN:

Os importes correctos, que son o resultado da avaliación da estabilidade orzamentaria e do cumprimento da regra do gasto ao rematar o exercicio 2017, son os presentados no Ministerio pola liquidación: unha capacidade financeira ou estabilidade orzamentaria a nivel consolidado de 23.968.289,18 euros e un incumprimento da regra do gasto a nivel consolidado de 35.266.759,73 euros.

Estas novas magnitudes terán de ser recollidas no plan económico-financeiro 2018-2019, que esta en trámite na Xunta de Galiza, como consecuencia do incumprimento da regra

do gasto e que forma parte das actuacións correctoras previstas no artigo 21 da LOEP.

A Coruña, 13 de Abril de 2018

O viceinterventor



José Mª Pérez Alvariño

O interventor xeral



José M. Pardellas Rivera

AVALIACIÓN-RESULTADO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Entidade	4 trimestre do exercicio 2017					Liquidación dos orzamentos para 2017					Diferencia (2)-(1)
	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia entidade	Axustes operacións internas	Capacidade/necesidade de financiamento (1)	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia entidade	Axustes operacións internas	Capacidade/necesidade de financiamento (2)	
Consortio provincial contra incendios	8.507.441,42	8.512.457,38	-80.725,02	1.648.399,82	1.562.658,84	8.507.404,21	8.512.840,25	-80.725,02	1.648.399,82	1.562.238,76	-420,08
Deputación de A Coruña	193.243.167,65	172.324.611,80	1.184.456,79		22.103.012,64	193.243.167,65	172.324.611,80	1.487.494,57		22.406.050,42	303.037,78
Total					23.665.671,48					23.968.289,18	302.617,70

AVALIACIÓN-RESULTADO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Entidade	Informe da Intervención a liquidación dos orzamentos					Liquidación dos orzamentos para 2017					Diferencia (2)-(1)
	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia entidade	Axustes operacións internas	Capacidade/necesidade de financiamento (1)	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia entidade	Axustes operacións internas	Capacidade/necesidade de financiamento (2)	
Consortio provincial contra incendios	8.507.441,42	8.512.457,38	-80.725,02	1.648.399,82	1.562.658,84	8.507.404,21	8.512.840,25	-80.725,02	1.648.399,82	1.562.238,76	-420,08
Deputación de A Coruña	193.243.167,65	172.324.611,80	1.184.456,79		22.103.012,64	193.243.167,65	172.324.611,80	1.487.494,57		22.406.050,42	303.037,78
Total					23.665.671,48					23.968.289,18	302.617,70

AVALIACIÓN-RESULTADO DO CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO

Entidade	4 trimestre do exercicio 2017						Liquidación dos orzamentos para 2017						Diferencia (6) ^Λ (6)		
	Gasto computable liquidación 2016 sen IFS (GC2016) (1)	Gasto investimentos financeiramente e sustentables (2016)(11)	(2)={{(1-(11))}*(1+TRCPI B)	Aumentos/disminucións Presuposto 2017 (3)	Gasto investimentos financeiramente sustentables (2017)(4)	Límite da regra do gasto (5)={2}+(3)	Gasto computable liquidación 2017 sen IFS (GC2017) (6)	Gasto computable liquidación 2016 sen IFS (GC2016) (1)	Gasto investimentos financeiramente e sustentables (2016)(11)	(2)={{(1-(11))}*(1+TRCPI B)	Aumentos/disminucións Presuposto 2017 (3)	Gasto investimentos financeiramente sustentables (2017)(4)		Límite da regra do gasto (5)={2}+(3)	Gasto computable liquidación 2017 sen IFS (GC2017) (6) ^Λ
Consortio provincial contra incendios	8.468.685,25	0,00	8.646.537,85			8.646.537,85	8.528.657,03	8.468.695,25		8.646.537,85			8.646.537,85	8.528.882,78	225,75
Deputación de A Coruña	126.365.796,97	-2.667.339,53	126.296.125,05	7.527.419,23	17.473.816,37	133.823.544,28	152.423.761,57	126.365.796,97	-2.667.339,53	126.296.125,05	7.527.419,23	-386.581,08	133.823.544,28	169.207.959,08	16.784.197,51
Total do gasto computable	134.834.482,22	-2.667.339,53	134.942.662,90	7.527.419,23	17.473.816,37	142.470.082,13	160.952.418,60	134.834.492,22	-2.667.339,53	134.942.662,90	7.527.419,23	-386.581,08	142.470.082,13	177.736.841,86	16.784.423,26

Diferencia entre o límite da regra do gasto e o gasto computable liquidación 2017 (GC2017) (5)-(6)

-18.482.336,47

-35.266.759,73

% incremento gasto computable 2017 s/2016

19,37%

31,82%

AVALIACIÓN-RESULTADO DO CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO

Entidade	Informe da intervención e liquidación dos orzamentos						Liquidación dos orzamentos para 2017						Diferencia (6)^ (6)		
	Gasto computable liquidación 2016 sen IFS (GC2016) (1)	Gasto investimentos financeirament e sustentables (2016)(11)	{2}={{(1- (11))}*(1+TRCPI B}	Aumentos/dis minucións Presuposto 2017 (3)	Gasto investimentos financeirament e sustentables (2017)(4)	Límite da regra do gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable liquidación 2017 sen IFS (GC2017) (6)	Gasto computable liquidación 2016 sen IFS (GC2016) (1)	Gasto investimentos financeirament e sustentables (2016)(11)	{2}={{(1- (11))}*(1+TRCPI B}	Aumentos/dis minucións Presuposto 2017 (3)	Gasto investimentos financeirament e sustentables (2017)(4)		Límite da regra do gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable liquidación 2017 sen IFS (GC2017) (6)^
Consortio provincial contra incendios	8.468.695,25	0,00	8.646.537,85			8.646.537,85	8.528.657,03	8.468.695,25		8.646.537,85			8.646.537,85	8.528.882,78	225,75
Deputación de A Coruña	126.365.796,97	-2.667.339,53	126.296.125,05	7.527.419,23	386.581,08	133.823.544,28	169.510.996,86	126.365.796,97	-2.667.339,53	126.296.125,05	7.527.419,23	-386.581,08	133.823.544,28	169.207.959,08	-303.037,78
Total do gasto computable	134.834.492,22	-2.667.339,53	134.942.662,90	7.527.419,23	386.581,08	142.470.082,13	178.039.653,89	134.834.492,22	-2.667.339,53	134.942.662,90	7.527.419,23	-386.581,08	142.470.082,13	177.736.841,86	-302.812,03

Diferencia entre o límite da regra do gasto e o gasto computable liquidación 2017 (GC2017) (5)-(6)

-35.569.571,76

-35.266.759,73

% incremento gasto computable 2017 s/2016

32,04%

31,82%